

Carles Cano

Blue tabú

Só ao chegar á clase, o profesor puxera os lentes de sol. A cousa non ía ben. Aquilo non presaxiaba nada bo. Aquel día tiña que falar dos tabús.

El nunca lles dera importancia aos tabús. De feito tomábaos a risa, non eran máis que comportamentos de xente atrasada e primitiva, dicía. Sempre contaba que para el a palabra tabú durante moitos anos significou só o nome do perfume abafante e vello que empregaba a súa nai. E agora que explicaba aquel concepto, aquela palabra collida aos habitantes da illa de Tonga, aos seus alumnos de semiótica, facíao, aparentemente, coa distancia e co escepticismo máis profundos.

- A nosa cultura, a nosa existencia segundo algúns –dicía con ironía– débese ao feito de romper un tabú, se Eva non mordera a mazá arestora aínda íamos seguir no paraíso, e non teríamos nin frío nin calor e o cambio climático arrandearíanola e, desde logo, nin vós nin eu estaríamos nunha clase de semiótica de terceiro. Pero Eva mordeuna e abriuse a veda dos tabús. Hainos por todo o mundo e para todos os gustos, algúns chegan a culturas e relixións enteiras como a prohibición de comer ou tocar carne de touciño para os xudeus e os musulmáns. Outros circunscríbense a colectivos máis reducidos, como o tabú da cor amarela no teatro, ou o tabú de nomear a innomeable no mundo dos toureiros. Todos vivimos cercados de tabús, e ás veces nin pensamos neles. Ou se pensamos é para botalos , á toureira, xa que falabamos de bois. Imaxino que todos escoitastes algunha vez aquel dito-tabú que di “onde teñas o pote...” E supoño que todos sabedes que nesta facultade non se fai moito caso que digamos, non si? –Aquí houbo risos e olladas disimuladas cara unha alumna, que por todos era sabido, que estaba enleada co de dialectoloxía–. Ben, todos vivimos influídos en maior ou menor medida polos tabús e por iso non vos enleades coas vosas irmás ou irmáns aínda que estean máis bos co pan untado con aceite; vimos a clase máis ou menos vestidos. Hai uns tabús, sen embargo, moi particulares, nunca mellor dito, os tabús propios, aqueles que pertencen só a un mesmo. Sobre eles quero que reflexionedes durante a próxima media hora. Xa sei que algúns tedes alerxia a iso, pero reflexiónase moito mellor con lapis e papel. Mergulládevos no voso interior e tentade de explicaros ese tabú que só pertence ao voso mundo. Logo, se vos atrevedes, mo dades e falaremos del. De xeito anónimo, claro. Non estades, en absoluto, na obriga de facelo.

- E cal é o seu tabú? –pregunta un alumno novo–. O profesor, Juli Martí, mirouno fite a fite. Fíxose un silencio mesto, tenso.

- O meu tabú é o azul. Xustamente ese azul que levas e que me fixo por os lentes. Se volves vir así non entrarás na clase nunca máis

–dixo a secas, cortante–.

- Que carallo lle pasa co azul? –preguntou en voz baixa, por baixo o nariz, ao Manel Grau, o seu veciño de mesa–.

- Xsst, logo cho explico.

Unha hora máis tarde, na cafetería de filoloxía, o rapaz novo espetáballe ao Manel:

- Quéresme explicar de vez que lle pasa a ese co azul?

- Ven, entenderas iso moito mellor se apañas unha cousa –contestoulle–. Manel levouse aquel parvo imprudente á biblioteca da facultade, e pediron un número atrasado da revista universitaria.

- Mira, hai un par de anos o Juli Martí veu a clase cunha lámina e fixo unha pregunta aos alumnos. Despois, colleu un cabreo tan grande que, imaxino que para botar os demos do corpo, escribiu un conto e se lle ocorreu publicalo na revista da facultade, esta que vés aquí. Pero será mellor que a leas.

Rapsodia en azul

Aquel día estaba triste, Blue, como curiosamente chamábase tamén en inglés a sensación de tristeira coincidindo coa cor. Era profesor de semiótica na universidade e xusto aquel día explicara aos alumnos que o mundo é un obxecto simbólico, que unha imaxe non é só unha imaxe senón que pode ser tamén un símbolo e quitara aquel rectángulo azul do interior dunha

cartolina branca e amosarállela, e preguntáralles que era aquilo. Ninguén soubera contestar. Ninguén quería pasar por imbécil. Ao remate preguntáralle directamente a un, que dubidando e medio preguntando, declarara:

- Un rectángulo azul?

- Ben, xa temos algunha cousa. Un rectángulo azul! –estoupara. Moi ben, e a que se parece? – Silencio sepulcral–. Veña, a que se parece? –Silencio de ultratumba–. Aquí xa se cabreou. Eu vouvos dicir a que se parece, máis ben vánvolo dicir os compañeiros do meu fillo, que teñen dez anos. Fíxenlles a mesma pregunta esta mañá: parécese ao ceo, visto a través dunha fiestra, e a unha piscina, e a un caderno, e a unha porta, e mesmo a unha peixeira, e iso era o que eu quería explicaros hoxe, os mecanismos de simbolización, de substitución, o mecanismo das metáforas. Pero a vós as metáforas impórta-vos unha merda! –Estaba cabreado. Non os entendía. Non o entendían. Non se entendían–. Facede os exercicios da páxina 123 e reflexionade sobre os rectángulos azuis!

Xa ía noite, miraba o ceo azul escuro, a través da fiestra. Tiña un vaso de xenebra nas mans, daquela xenebra azul, a cor da xenebra e do ceo coincidían coa cor daquel rectángulo. Entón, sen saber por que asomouse á fiestra e mirou para abaixo. Dende o décimo terceiro, a piscina de abaixo víase coma un perfecto rectángulo azul, tamén escuro. Sobre a superficie aboiaba un corpo. Entrou dentro, quería esquecer aquilo e acendeu o televisor, pero estaba no canle do vídeo e outra vez apareceu aquel rectángulo azul. Acendeu o ordenador que tamén tiña a pantalla azul. Aquela cor empurrábao cara abaixo. Foi ao ascensor, que, agora o notaba, tiña as portas azuis. Ao chegar á piscina do edificio viu as luzadas azuis, intermitentes, da policía a través das reixas. Á beira da piscina, mollado, cunha camisa azul, deitado había un alumno da facultade que casualmente era veciño seu. Levaba unha nota no peto da camisa, pero estaba escrito con pluma e a auga borrara a tinta e agora non era máis cun rectángulo con manchas azuis. Sentíuse afundido, culpábel, a sombra daquel edificio, escuro, de trinta andares, planeaba ameazante, malfadada, por riba del. Ollou enriba e mirou para a súa fiestra, a luz estaba acendida. Quizá volvera a súa muller. Subiu. Estaba enormemente triste, infinitamente azul. Deu a comida aos peixes, que inocentes, ignorantes, nadaban mecanicamente dunha beira a outra do seu rectángulo azul. Abriu o caderno de tapas azuis e escribiu esta historia.

Ao final da lectura, o rapaz novo guindoulle a revista e díxolle:

- Ben, non é nada máis que un conto, non si? Un pouco azul por demais para o meu gusto – dixo, tentando facerse o enxeñoso–.

- Si, non era máis cun conto, pero un fillo de puta alumno seu, un tipo que estaba máis raiado que unha leira de alcachofas, leuno e ocorréuselle que xa que el non tiña nada que facer neste mundo, podía estragarlle a vida. Copiou o suicidio do conto, o único que no papel do peto podía ler perfectamente: Juli Martí, GRANDE CABRÓN. A prensa botóuselle enriba, chamaron psicólogos, psiquiatras e articulistas do máis diverso pelame e puxérono a caer dun burro. No remate conseguiron que el se sentise culpábel e estivo todo un ano de baixa por depresión. Aínda segue en tratamento.

- E ti, como sabes todo iso?

- Porque son veciño seu, eu era o protagonista ficticio do primeiro conto. Ben, xa tes un tabú novo. Agora voume, eu tampouco soporto o azul.

Traducido do catalán por Lluïsa Soaz.

Blue tabú

Només arribar a la classe, el professor s'havia posat les ulleres de sol. Malament. Allò no presagiava res bo. Aquell dia tocava parlar dels tabús.

Ell mai li havia donat importància, als tabús. De fet se'ls prenia a riota, no eren més que comportaments de gent retardada i primitiva, deia. Sempre contava que per a ell la paraula tabú durant molts anys només significà el nom del perfum embafós i antic que utilitzava la seua mare. I ara que explicava aquell concepte, aquella paraula manllevada dels habitants de l'illa de Tonga, als seus alumnes de semiòtica, ho feia, aparentment, amb la distància i l'escepticisme més pregons.

- La nostra cultura, la nostra existència segons alguns –deia amb ironia– es deu al trencament

d'un tabú, si Eva no haguera mossegat la poma a hores d'ara continuariem al paradís, i no tindriem ni fred ni calor i el canvi climàtic ens la duria fluixa i, per descomptat, ni vosaltres ni jo estaríem en una classe de semiòtica de tercer. Però Eva la mossegà i s'obrí la veda dels tabús. N'hi ha pertot arreu i per a tots els gustos, alguns abasten cultures o religions senceres com la prohibició de menjar o tocar carn de porc per als jueus i els musulmans. Altres se circumscriuen a col·lectius més reduïts, com el tabú del color groc en el teatre, o el tabú d'anomenar la innominable en el món dels toreros. Tots vivim rodejats de tabús, i a voltes ni hi pensem. O si hi pensem és per a botar-los, a la torera, ja que parlàvem de bous. M'imagino que tots heu sentit alguna vegada aquella dita-tabú que fa: "on tingues l'olla..." I supose que tots sabeu que en aquesta facultat no se'n fa gaire cas que diguem, oi? –Ací hi hagueren rialletes i mirades dissimulades cap a una alumna de la qual tothom sabia que estava enrotllada amb el de dialectologia–. Bé, tots vivim influïts en major o menor mesura pels tabús i per això no us enrotlleu amb les vostres germanes o germans encara que estiguen més bons que el pa sucacat amb oli; i venim a classe més o menys vestits. Hi ha uns tabús, però, molt particulars, mai millor dit, els tabús propis, aquells que només pertanyen a un mateix. Sobre ells vull que reflexioneu durant la propera mitja hora. Ja sé que alguns hi teniu al·lèrgia, però es reflexiona molt millor amb llapis i paper. Capbusseu-vos en el vostre interior i tracteu d'explicar-vos eixe tabú que només pertany al vostre món. Després, si us hi atreviu, me'l lliureu i en parlarem. De manera anònima, és clar. No esteu, en absolut, obligats a fer-ho.

- I quin és el seu tabú? –preguntà un alumne nou–. El professor, Juli Martí, el mirà de dret en dret. Es féu un silenci espès, tens.

- El meu tabú és el blau. Justament eixe blau que portes i que m'ha fet posar les ulleres. Si tornes a venir així no entraràs a classe mai més –digué sec, tallant–.

- Que collons li passa, amb el blau? –preguntà en veu baixa, per sota del nas, al Manel Grau, el seu veí de taula–.

- Xssst, després t'ho explique.

Una hora més tard, a la cafeteria de la facultat de filologia, el nou li espetava a en Manel:

- Em vols explicar d'una vegada què li passa a eixe, amb el blau?

- Vine, ho entendre's millor si lliges una cosa –li contestà–. Manel s'emportà aquell badoc imprudent a la biblioteca de la facultat, i demanaren un número endarrerit de la revista universitària. Mira, farà un parell d'anys en Juli Martí vingué a classe amb una làmina i féu una pregunta als alumnes. Després, agafà un cabreig tan gran que, imagine que per traure's els dimonis del damunt, escrigué un conte i se li acudí publicar-lo en la revista de la facultat, aquesta que veus ací. Però serà millor que el lliges.

Rapsòdia en blau

Aquell dia estava trist, Blue, com curiosament es deia també en anglès la sensació de tristor coincidint amb el color. Era professor de semiòtica en la universitat i just aquell matí els havia explicat als alumnes que el món és un objecte simbòlic, que una imatge no és només una imatge sinó que pot ser també un símbol i havia tret aquell rectangle blau dintre una cartolina blanca i els l'havia ensenyat, i els havia preguntat què era allò. Ningú no havia contestat. Ningú volia passar per imbècil. Al remat li ho havia demanat directament a un, que, que, dubtós, mig preguntant, havia declarat:

- Un rectangle blau?

- Bé, ja tenim alguna cosa. Un rectangle blau! –havia esclatat–. Molt bé, i a què s'assembla? –Silenci sepulcral–. Vinga, a què s'assembla? –Silenci d'ultratomba–. Ací es va cabrejar. Jo us diré a què s'assembla, més aviat us ho diran els companys del meu fill, que tenen deu anys, a qui els he fet la mateixa pregunta aquest matí: s'assembla al cel, vist a través d'una finestra, i a una piscina, i a un quadern, i a una porta, i fins i tot a una peixera, i això era el que volia explicar-vos hui, els mecanismes de simbolització, de substitució, el mecanisme de les metàfores. Però a vosaltres les metàfores us importen una merda! –Estava cabrejat. No els

entenia. No l'entendien. No s'entendien—. Feu els exercicis de la pàgina 123 i reflexioneu sobre els rectangles blaus!

Es feia de nit, mirava el cel blau fosc a través de la finestra. Tenia un got de ginebra a les mans, d'aquella ginebra blava, el color de la ginebra i del cel coincidien amb aquell del rectangle. Aleshores, sense saber per què es va abocar a la finestra i mirà cap avall. Des del tretzé, la piscina de baix es veia com un perfecte rectangle blau, també fosc. Sobre la superfície surava un cos. Entrà cap a dins, volia desentendre-se'n i engegà el televisor, però estava en el canal del vídeo i una altra volta aparegué aquell rectangle blau. Engegà l'ordinador que també tenia la pantalla blava. Aquell color l'espentejava cap avall. Baixà a l'ascensor, que, ara ho notava, tenia les portes blaves. En arribar a la piscina de l'edifici va veure les ràfegues intermitents, blaves, de la policia a través de les reixes. A la vora de la piscina, xop, amb una camisa blava, jeia un alumne de la facultat que casualment era veí seu. Portava una nota en la butxaca de la camisa, però l'havia escrit amb ploma i l'aigua havia corregut la tinta i ara no era més que un rectangle amb taques blaves. Se sentí aonat, culpable, l'ombra d'aquell edifici, fosc, de trenta plantes, planejava amenaçant, ominosa, damunt seu. Mirà cap a dalt i es fixà en la seua finestra, la llum estava encesa. Potser havia tornat la seua dona. Pujà. Estava enormement trist, infinitament blau. Donà de menjar als peixos, que innocents, ignorants, nedaven mecànicament d'un costat a l'altre del seu rectangle blau. Obrí la llibreta de tapes blaves i escriví aquesta història.

En acabar de llegir, el nou li va reballar la revista i li digué:

- Bo, no és més que un conte, no? Una mica massa blau per al meu gust –digué, intentant fer-se l'enginyós–.

- Sí, no era més que un conte, però un fill de puta d'alumne seu, un tipus que estava més ratllat que un camp de carxofes, el va llegir i se li va acudir que ja que ell no tenia res a fer en aquest món, podia arruïnar-li la vida. Va copiar el suïcidi del conte, només que en el paper de la butxaca es podia llegir perfectament: Juli Martí, GRAN CABRÓ. La premsa se li tirà al damunt, cridaren psicòlegs, psiquiatres i articulistes del més divers pelatge i el posaren a caure d'un burro. Al remat aconseguiren que ell se sentís culpable i estigué tot un any de baixa per depressió. Encara continua en tractament.

- I tu, com saps tot això?

- Perquè sóc veí seu, jo era el protagonista fictici del primer conte. Bé, ja tens un tabú nou. Me'n vaig, jo tampoc suporto el blau.